

La Voz de Santiago

www.lavozdegalicia.es

|V|

MARTES


24 DE DICIEMBRE DEL 2002

ENTREVISTA

Santiago Prol

Investigador e autor
dun libro sobre Joao
da Nova | L2

«Recupero a
un galego
histórico»



La Voz de Santiago

www.lavozdeg Galicia.es

ENTREVISTA

Santiago Prol

Investigador e autor
dun libro sobre Joao
da Nova | L2

O cronómetro | Santiago Prol

INVESTIGADOR E AUTOR DO LIBRO «JOAO DA NOVA. UN MARIÑO GALEGO AO SERVICIO DA COROA DE PORTUGAL»

«Trato de recuperar a un personaxe galego histórico»

O noble de Maceda foi o navegante ó servizo da Coroa portuguesa que deu con Ceylán e descubriu as illas atlánticas de Ascensión e Santa Helena

Concha Pino

SANTIAGO

■ A pasión pola investigación naceu en Santiago Prol cando foi conscente de que a súa vila natal, Maceda (Ourense), non só foi un florecente condado, senón cuna de relevantes homes ó longo da historia. Un deses personaxes é Joao da Nova, un noble que trala revolta dos Irmandiños tomou camiño cara Portugal donde, logo de facerse un oco entre a nobreza, chegou a ser un mariño ó servizo da Coroa que descubriu as illas atlánticas de Ascensión e Santa Helena, hoxe inglesas, e a mítica Ceylán.

—¿É recoñecido como merece en Portugal?

—Non. A historiografía do país veciño ninguneouno, penso que por un certo sentimento xenófobo e porque

houbo interés en ocultalo e en dar versión equívocas del e das súas xestas para favorecer a Afonso de Albuquerque, un navegante ó que os cronistas da época favoreceron ata ocultar os seus excesos sangüentos.

—¿A biografía recuperará a figura deste galego?

—É o que pretendo, porque foi o personaxe máis relevante da historia de Galicia do século XVI. E reivindico a súa inclusión nos libros de historia e textos de ensino medio. Pero non é unha biografía acabada, porque despois de publicarme o libro a Deputación de Ourense soupen que tamén descubriu a illa Trinidad, fronte a costa do Brasil.

—¿Por que decidiu investigar sobre el?

—Decateime de que se cumprían 500 anos das súas



XOÁN A. SOLER

Santiago Prol é profesor,

descubertas, e deixei o traballo que estaba a punto de rematar sobre García Mosquera, un dos precursores galegos, tamén de Maceda.

—¿Foi doado investigar?

—A información está dispersa. En catro anos manexei 170 libros e contrastei datos de 17 webs.